



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN INFANTIL

Equipo de E.I do CEIP ISIDRO PARGA PONDAL  
Curso 2019/2020

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CICLO .....	3
3. OBXECTIVOS DE MELLORA PARA O PRESENTE CURSO, MEDIDAS E RECURSOS PARA DESENVOLVELOS.....	4
3.1 OBXECTIVOS :.....	4
3.2 MEDIDAS:.....	4
3.3 RECURSOS:.....	5
4. CONTRIBUCIÓN DE CADA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	6
4.1 COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL .....	6
4.2.COÑECEMENTO DO CONTORNO.....	7
4.3 LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN .....	8
5. OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O CICLO.....	10
5. 1. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL .....	10
OBXECTIVOS .....	10
CONTIDOS.....	11
CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	15
ESPECIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NESTA ÁREA .....	16
5.2. COÑECEMENTO DO CONTORNO.....	18
OBXECTIVOS .....	18
CONTIDOS.....	19
CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	19
ESPECIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NESTA ÁREA .....	20
5.3. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN .....	21
OBXECTIVOS .....	21
CONTIDOS.....	22
CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	26
ESPECIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NESTA ÁREA .....	29
6. LINGUA INGLESA.....	28
6.1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS .....	28
6.2. OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	31
OBXECTIVOS.....	31
CONTIDOS.....	32
CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	32
7. RELIXIÓN CATÓLICA.....	34
7.1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS .....	34
7.2. OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	37
8. ATENCIÓN EDUCATIVA .....	37
9. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	39
9.1. ORIENTACIÓNS DIDÁCTIVAS XERAIS .....	39
9.2. ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE.....	41
9.3. TEMPORALIZACIÓN .....	44
10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	45
11. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	46

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	47
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	48
14. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	49
15. CONCRECIÓN DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS .....	52
16. CONCRECIÓN DO PLAN DE PLURILINGÜISMO.....	52
17. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .....	53

## 1. INTRODUCCIÓN

O equipo de Educación Infantil do CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal pretende con esta Programación dar unha visión realista do que se pretende facer durante este curso 2019-2020, tendo en conta todos os aspectos implicados no proceso educativo, incluíndo:

- As influencias pedagóxicas e psicolóxicas.
- Currículo de Educación Infantil.
- Os principios da Intervención educativa na Educación Infantil.
- Outras funcións como profesores de Educación Infantil.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CICLO

Esta programación desenvolverase nas aulas de 4º, 5º e 6º nivel de Educación Infantil do CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal.

As titoras que imparten clase no ciclo son:

- Raquel Suárez Fuentetaja (6º A E.I.) substituta Laura
- Beatriz Devesa Anciones (6º B E.I.)
- Cristina Folgar Fernández (5º A E.I.)
- Sabela Suárez González-Sierra (5º B E.I.)
- Karen Xabrina Velázquez Souto (4º A E.I.)
- Sandra Carpinteiro Souto (4º B E.I.)

Especialistas:

- Lucía López Sánchez (Apoio e Taller de lectura)
- Marta López Aranda (Apoio e Arte)
- Belén Suárez Carballo (Lingua Inglesa)
- Mª Esperanza García (Relixión)

- M<sup>a</sup> Emma Soutiño Barro (Psicomotricidade)
- José Luis Alamancos Couso (Música)
- M<sup>a</sup> Soledad Alvarez López ( AL)
- María Alicia Arza López (PT)
- Coidadora: Teresa Pallares Romer
- Encargada da actividade do Concello “horta escolar”: Rosario González García

### **3. OBXECTIVOS DE MELLORA PARA O PRESENTE CURSO, MEDIDAS E RECURSOS PARA DESENVOLVELOS**

#### **3.1 OBXECTIVOS :**

- Fomentar o traballo e a colaboración entre o profesorado que imparte docencia no ciclo.
- Fomentar a aprendizaxe creativa dos nenos/as tanto coa impartición de clases de Arte, como con metodoloxía innovadora tanto na lectoescritura e nas habilidades numérico-básicas.
- Concienciar en relación ao coidado do Medio Ambiente.

#### **3.2 MEDIDAS:**

- Nas tardes dos luns trataremos de coordinarnos entre as mestras de nivel, as mestras de apoio e especialistas para traballar nas actividades tanto de aula como de centro e departamentos. (tarefa que actualmente faise de forma telemática)
- Unha hora semanal de impartición de Arte.
- Unha hora semanal de impartición de Taller de lectura.
- Continuación co método matemático ABN iniciado no curso anterior.
- Formación por parte do profesorado en relación ao método de lectoescritura. (á espera da súa continuidade a través do CEFORE, ou retomaremos a súa formación o curso que vén)
- Participación no Plan Proxecta para concienciar os nenos/as da necesidade do coidado do Medio Ambiente e o voluntariado na Comunidade. (Voluntariado pendente de rematar, retomaremos as actividades o vindeiro curso)
- Proxecto a nivel Centro sobre o deporte: “Isidro Olimpíadas” . Relacionar coas festas, Conmemoracións, visitas e excursións. (Están a levarse a

cabo actividades relacionadas co proxecto a través de videos de masterclass, tarefas, videos, retos...)

### 3.3 RECURSOS:

- Disposición dunha hora semanal para as reunións.
- Persoais e tecnolóxicos: canóns, P.D.I., IPAD, cámara fotográfica, material funxible (pintura, murais, barro, plastelina...)

## 4. CONTRIBUCIÓN DE CADA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

### 4.1 COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

De grande interese para o desenvolvemento e concreción da perspectiva integradora, que caracteriza a Etapa, será o referente das competencias básicas. Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal coopera ao desenvolvemento do conxunto, pero resulta destacable a súa achega ás seguintes: social e cidadá, aprender a aprender e, moi especialmente, a autonomía e iniciativa persoal.

**Competencia autonomía e iniciativa persoal** supón traballar para favorecer no neno o coñecemento de si mesmo/a, das emocións, dos sentimentos, dos condicionantes da súa actividade, das posibilidades, o trazado de plans sinxelos relacionados coa acción e relación cos outros e co medio.

Manifestarase, gradualmente, a través de progresos do seguinte tipo:

- Adquirir gradualmente maior seguridade ao realizar distintas actividades e rutinas, calculando e asumindo os riscos e esforzándose por mellorar na súa actuación.
- Actuar de xeito máis eficaz e autónomo no manexo de útiles e nas distintas rutinas persoais (vestido, aseo, alimentación).
- Desenvolver o autoconceito como estratexia inicial para favorecer as relacións cos demais.
- Manifestar e asumir o afecto das compañeiras e compañeiros.
- Controlar progresivamente o seu comportamento, tanto na adquisición dunha tolerancia á frustración, de non obter o que queren cando o

queren como na sensación de fracaso porque non saian as cousas como se piden, especialmente cando o esforzo non foi suficiente.

**Competencia para aprender a aprender** implica avanzar na adquisición dun nivel básico naquelas habilidades e destrezas que permiten progresar gozando de acordo coas esixencias de cada situación. Suporá:

- Utilizar a observación, manipulación e exploración para coñecer mellor o mundo que o rodea.
- Organizar a información de acordo coas súas calidades e categorías.
- Establecer sinxelas relacións causa e efecto.
- Respetar unhas normas básicas sobre o traballo, as posturas necesarias, os tempos e o espazo e o uso dos materiais e recursos de forma ordenada e coidadosa.

**Competencia social e cidadá:** queremos subliñar que abordaremos as relacións próximas (familia, escola, amigos, compañeiros), o coñecemento das emocións e sentimentos en relación cos demais, a asertividade, as actitudes de diálogo, de resolución de conflitos e a reflexión sobre os mesmos. Tratarase:

- Desenvolver as habilidades sociais que permitan aos nenos relacionarse cos demais de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria.
- Interiorizar progresivamente as pautas de comportamento social e axustar a súa conduta a elas.

**Coñecemento e a interacción co mundo físico.** Moitas das aprendizaxes que integra a área están centradas na forma de relación do ser humano co mundo que o rodea. Pretenderase:

- Valorar os compoñentes básicos do medio natural.
- Desenvolver actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

Contidos relacionados coa **competencia matemática:**

- Iniciarse nalgunhas habilidades matemáticas a partir da manipulación de obxectos, identificando atributos e calidades.
- Establecer relacións de clasificación, orde e cuantificación.

### **Competencia en comunicación lingüística:**

- Expresar ideas e sentimentos de forma apropiada.
- Aumentar a riqueza do vocabulario específico.
- Utilizar a linguaxe corporal (xesto e movemento) como medio de expresión.

**Tratamento da información e competencia dixital.** (Actividades actualmente en stand by debido a falta de recursos como unha PDI nas vivendas do alumnado)

- Explorar a pantalla dixital interactiva.
- Iniciarse no uso de programas sinxelos.

### **Competencia artística e cultural**

- Estimular o coñecemento de distintas manifestacións culturais (festas, costumes, gastronomía, vestido, vivenda...).

## **4.2.COÑECEMENTO DO CONTORNO**

De grande interese para o desenvolvemento e concreción da perspectiva integradora que ha de caracterizar a Etapa será o referente das competencias básicas. Coñecemento do medio contribúe decisivamente ao desenvolvemento do conxunto, pero resulta destacable a súa achega ás seguintes: social e cidadá, coñecemento e interacción co mundo físico, cultural e artística e matemática.

### **Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico-natural:**

- Interaccionar coas persoas do seu contorno.
- Observar e manipular os obxectos.
- Explorar o espacio e o tempo, fundamentalmente de xeito lúdico.

### **Competencia en iniciativa e autonomía persoal:**

- Identificar e denominar calidades do propio corpo, as dos outros e as dos obxectos do seu entorno habitual.
- Adoptar hábitos básicos de supervivencia e saúde.

### **Competencia matemática:**

- Manipular e clasificar obxectos.
- Identificar, empregar e comparar cuantificadores básicos (cantidade, tamaño, espacio, tempo).
- Resolver problemas sinxelos.

### **Competencia aprender a aprender:**

- Practicar distintas operacións sinxelas que contribuen ó desenvolvemento desta competencia (identificar, relacionar, comparar, ordenar...).

### **Competencia dixital:**

- Proporcionar ao neno outras perspectivas complementarias á realidade a través dos medios de comunicación e o ordenador.

### **Competencia social e cidadá:**

- Aprender regras e pautas de comportamento para unha axeitada convivencia.
- Valorar as relacións e as tarefas que cada un desempeña.
- Recoñecer a diversidade.
- Competencia cultural e artística.
- Apreciar a estética valorando a actitude de intentar melloralas.

### **Competencia en comunicación lingüística:**

- Utilizar as distintas modalidades lingüísticas (expresión verbal, plástica, musical, corporal) para a expresión de vivencias, pensamentos, sentimentos...propios ou alleos.

## **4.3 LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

A área linguaxes: comunicación e representación determina un ámbito de experiencia e desenvolvemento de marcado interese para potenciar as competencias básicas. A relación máis marcada establécese coa competencia lingüística, cultural e artística, tratamento da información e competencia dixital



e, naturalmente, iniciativa e autonomía persoal. Pero tamén comprobaremos vínculos definidos coas restantes.

### **Competencia en comunicación lingüística:**

- Estimular os aspectos comunicativo-expresivos para favorecer a representación mental.
- Desenvolver o pensamento lóxico e as capacidades de relación cos outros.
- Desenvolver progresivamente as habilidades lingüísticas (comprensión e expresión oral, comprensión escrita).

### **Competencias social e cidadá:**

- Utilizar a linguaxe como vehículo de intercambio de ideas e sentimentos.

### **Competencia cultural e artística:**

- Disfrutar das calidades estéticas dalgunhas obras literarias, plásticas ou musicais.
- Axudar a que nenos e nenas xeneralicen o dominio do seu corpo.
- Utilizar o lecer de xeito activo.
- Desenvolver valores de esforzo persoal solidario.

### **Competencia matemática:**

- Empregar contidos vinculados á representación do espazo, xeometría e o ritmo.

### **Competencia en tratamento da información e dixital:**

- Espertar o interese do neno/a por xogar e aprender por medio do ordenador e o resto dos medios audiovisuais.

### **Competencia en coñecemento e interacción co mundo físico:**

- Explorar o contorno a través do traballo coas distintas linguaxes.
- Proporcionar gozo e enriquecemento no proceso de interacción das persoas co mundo físico.

### **Competencia para aprender a aprender:**

- Establecer pautas de análise para que ao observar aprenda a expresarse.

### **Autonomía e iniciativa persoal:**

- Favorecer o coñecemento dun mesmo, dos propios intereses, emocións e sentimentos.
- Buscar solucións para a adquisición de coñecementos e elaboración de plans.
- Promover unha autonomía e iniciativa persoal a través do exercicio do propio esforzo.

## **5. OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O CICLO**

### **5. 1. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

Esta área de coñecemento e experiencia fai referencia, de forma conxunta, á construción gradual da propia identidade, ó establecemento de relacións afectivas cos demais e á autonomía persoal como procesos inseparables e necesariamente complementarios. Os contidos que nesta área se agrupan, adquiren sentido dende a complementariedade co resto das áreas, e deberán interpretarse nas propostas didácticas dende a globalidade da acción e das aprendizaxes.

### **OBXECTIVOS**

1. Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo/a a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.
2. Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
3. Dominar a coordinación e o control dinámico do propio corpo, afianzando as nocións básicas de orientación no espazo e a propia lateralidade.

4. Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser quen de denominalos, expresalos e comunicarllelos ós demais.
5. Desenvolver a capacidade de empatía identificando e respectando os sentimentos, emocións e necesidades dos demais.
6. Realizar, de xeito cada vez mais autónomo/a, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa, e desenvolvendo estratexias para establecer as súas necesidades básicas.
7. Adecuar o seu comportamento ás necesidades e aos requirimentos dos outros desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando comportamentos de submisión ou dominio.
8. Ter unha actitude de respecto cara as características e calidades dos demais e valoralas, sen actitudes de discriminación en relación con calquera rasgo diferenciador, xa sexa de idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas,...
9. Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, coa hixiene e co fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
10. Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
11. Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación das regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

## **CONTIDOS**

### **Bloque 1. O Corpo e a propia imaxe**

- Exploración das características globais e segmentarias do propio corpo.
- Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio Corpo, en relación e interacción cos datos que a nena ou o neno recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos.
- Identificación de diferenzas e semellanzas cos outros.
- Percepción dos cambios físicos propios e dos outros e saber relacionalos co paso do tempo.

- Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades corporais básicas en situacións habituais e ocasionais.
- Utilización dos sentidos como medio de exploración do corpo e da realidade exterior.
- Identificación e percepción das sensacións que se obteñen do propio corpo.
- Regulación e control progresivo de sentimentos e emocións.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino.
- Valoración positiva de si mesmo/a aceptación das propias posibilidades e limitacións.
- Aceptación da propia imaxe corporal e gozo xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e grupais, empreñando as posibilidades expresivas do propio corpo- a través de xestos, movementos, xogos, danzas,...
- Actitude de aceptación das características e das diferenzas entre as persoas evitando comportamentos discriminatorios.
- Actitude positiva ante as manifestacións de afecto dos outros.
- Confianza na propia capacidade para realizar actividades.
- Valoración positiva das diferentes etapas da vida.
- Mantemento dunha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade e outros medios de comunicación social.

## **Bloque 2. Xogo e movemento**

- Descubrimento e desenvolvemento das posibilidades motrices do seu corpo en situacións e actividades cotiás.
- Exploración das posibilidades e limitacións perceptivas, motrices e expresivas propias e dos demais.
- Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración.
- Situación e desprazamentos no espazo real.
- Adaptación tónico-postural ás diversas accións, ós xogos e ás situacións.
- Esforzo persoal nos xogos e no exercicio físico.
- Comprensión e aceptación das regras dos xogos.

- Reprodución de posturas co corpo.
- Coordinación e control do movemento do corpo e das súas partes e adquisición de habilidades motrices novas.
- Utilización correcta de pequenos aparatos e obxectos: punzóns, tesoiras, lapis...
- Coordinación e control de habilidades manipulativas de carácter fino e groso.
- Confianza nas súas posibilidades motrices.
- Gusto e gozo polo xogo como medio para coñecer a realidade, como vía de deleite e relación, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento e valoración dos xogos propios da comunidade abríndose ao coñecemento e gozo dos e das outras.
- Satisfacción polo crecente dominio corporal.
- Aceptación das regras que rexen os xogos.
- Interese e iniciativa pola adquisición de novas habilidades.
- Actitude de axuda e colaboración cos outros nenos e coas outras nenas.
- Gusto pola actividade física e pola precisión de movementos.

### **Bloque 3. A actividade cotiá**

- Planificación de accións secuenciadas para resolver situacións lúdicas ou cotiás.
- Regulación e control do propio comportamento en situacións de xogo, rutinas e tarefas.
- Adecuación do comportamento ás distintas situacións da actividade cotiá.
- Conciencia da propia competencia na resolución das diferentes tarefas da vida cotiá.
- Aceptación das propias posibilidades e limitacións na realización das actividades da vida cotiá.
- Coordinación e colaboración cos outros. Deste xeito, ofrécenlles e solicítanlles axuda deles nos diversos momentos de actividade.
- Percepción das pautas de comportamento e das normas básicas dos diversos contextos cos que se relaciona.

- Colaboración no establecemento dalgunhas normas no ámbito familiar e escolar.
- Participación na resolución dos conflitos que se presentan no ámbito escolar e na utilización do diálogo como forma de resolvelos.
- Regulación da propia conduta en función das peticións e explicacións dos adultos e iguais e influencias na conduta dos demais.
- Discriminación de comportamentos e condutas axeitadas ou non axeitadas nos diversos contextos nos que se desenvolve.
- Iniciativa e autonomía nas distintas actividades cotiás.
- Satisfacción pola realización de tarefas.
- Gusto polo traballo ben feito por un mesmo/a e polos demais.
- Valoración e aceptación das normas establecidas nos diferentes contextos.
- Actitude de compartir, escoitar, esperar, atender...
- Actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e cos iguais.
- Actitude de colaboración e solidariedade; descéntrase do propio punto de vista e ten en conta o dos outros.

#### **Bloque 4. O coidado persoal e a saúde**

- Limpeza das distintas partes do corpo e emprego adecuado dos espazos e materiais.
- Aplicación dos hábitos de hixiene corporal.
- Identificación das características dos diferentes alimentos.
- Colaboración no mantemento da orde e da limpeza do medio onde se desenvolven as actividades cotiás.
- Colaboración nas actividades relacionadas coa alimentación ou co descanso.
- Petición e aceptación de axuda nas situacións que o requiran.
- Utilización axeitada dos útiles necesarios para comer.
- Aceptación das normas establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Adopción de comportamentos de prevención e seguridade en situacións habituais.

- Coidado e precaución ante obxectos e situacións que poden resultar perigosos.
- Identificación e valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiás que favorecen ou non a saúde.
- Gusto e gozo co aspecto persoal pulcro e coidado.
- Aceptación das normas relacionadas cos hábitos de hixiene, alimentación, descansos e desprazamentos.
- Gusto por desenvolver actividades en ambientes limpos e ordenados.
- Actitude de tranquilidade e colaboración en situacións de enfermidade e accidentes.
- Valoración dos produtos alimenticios do entorno.
- Valoración da actitude de axuda e protección de familiares e adultos en situacións de hixiene e enfermidade.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Coñece-lo seu corpo, os elementos que o forman.
- Formarse unha imaxe positiva de si mesmo/a.
- Controlar progresivamente o ton, a postura, o equilibrio, a respiración e a coordinación motriz.
- Progresar na coordinación e no control xeral do propio corpo.
- Identificar as súas capacidades e acepta-las súas limitacións.
- Respecta-las características diferenciais dos demais.
- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.
- Identifica-los sentidos e establecer diferenzas entre eles en función da finalidade, percepcións e sensacións.
- Participar en diferentes tipos de xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas, e aceptando as normas que os rexen.
- Realizar diferentes desprazamentos: marcha, carreira, saltos.
- Adquirir hábitos básicos de saúde, alimentación, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.
- Adquirir autonomía nas actividades habituais da vida cotiá e aceptar as normas.
- Adquirir maior precisión no manexo e na exploración de obxectos.

- Resolver problemas sinxelos da vida cotiá.
- Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.
- Acepta-las pequenas frustracións que se lle presenten.
- Solicitarlles ós seus compañeiros e ás súas compañeiras axuda sempre que o necesiten.
- Acepta-los puntos de vista e as achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- Desenvolver actitudes de axuda, colaboración e cooperación.

Os criterios de avaliación pertencentes a primeira área do 2º ciclo de E.I “Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal” marcados en cor laranxa terían que ser suprimidos da terceira avaliación xa que refírense á actuación do alumnado no contexto escolar e con respecto aos seus iguais.

## **ESPECIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NESTA ÁREA**

- Expresar emocións e sentimentos e ter unha imaxe axustada e positiva de si mesmo.
- Identificar partes do seu corpo e os órganos dos sentidos e as súas funcións
- Aplicar a coordinación óculo-manual en actividades diversas.
- Manifestar unha lateralidade dominante: destra ou zurda.
- Actuar con seguridade e confianza nas súas propias posibilidades.
- Amosar actitudes de axuda, respecto e colaboración.

### **5.2. COÑECEMENTO DO CONTORNO**

Nesta área de coñecemento e experiencia preténdese que o alumnado descubra o mundo físico, natural e social que conforman unha realidade con múltiples relacións e interdependencias.

Nesta aprendizaxe interesa estimular a súa curiosidade polo contorno potenciando a súa competencia matemática ao observar as relacións entre distintos obxectos, fenómenos e feitos, incluído, cando se considere oportuno, a participación das familias.



## **OBXECTIVOS**

1. Observar e explorar de forma activa o seu medio, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e amosando interese polo seu coñecemento.
2. Relacionarse cos demais, de xeito cada vez máis equilibrado e satisfactorio, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
3. Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.
4. Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e as súas calidades, e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.
5. Coñecer e valora-los compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas reaccións, cambios e transformacións, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

## **CONTIDOS**

### **Bloque 1. Medio físico: elementos, relacións e medida.**

- Interese pola exploración, funcións e uso de obxectos e materiais presentes na vida cotiá respectando e coidado os obxectos propios e alleos.
- Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e materiais e a súa aplicación na vida diaria, investigando o seu comportamento físico en distintas situacións.
- Establecer relacións de clasificación e cuantificación de coleccións.
- Emprego dos números na vida cotiá e recoñecemento da súa funcionalidade en distintas relacións( contar, clasificar, ordenar) de elementos da realidade contextualizada.
- Resolución de situacións problemáticas sinxelas( localización dun dato numérico, facer un reparto, realizar unha estimación...).
- Utilizar operacións de cálculo sinxelas e funcionais.

- Utilizar xogos de mesa como actividade lúdica e de aprendizaxe lóxico-matemática.
- Achegamento a algunhas magnitudes físicas ( peso, lonxitude, capacidade, tempo) amosando curiosidade polos instrumentos de medida convencionais e non convencionais e facendo unha aproximación ao seu uso.
- Empregar nocións e relacións espazo-temporais en situacións cotiás.
- Utilizar distintos soportes( debuxos, planos, fotos, mapas...)para vivenciar e representar relacións espaciais así como facer unha aproximación ao uso do calendario.
- Exploración lúdica dalgúns corpos xeométricos elementais.

## **Bloque 2. Achegamento á natureza**

- Identificación dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos diferenciando entre ser vivo e obxecto inerte.
- Observación dalgún ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o seu medio no ámbito escolar.
- Identificación en persoas e seres vivos características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento.
- Desenrolo de actitudes de coidado, respecto e curiosidade nos elementos do medio natural, animais e plantas.
- Diferenciación das formas nas que se encontra a auga na natureza, valorando a súa importancia para o desenvolvemento dos seres vivos, o medio natural e tamén a necesidade da súa conservación e uso responsable.
- Identificación dos cambios de luminosidade (posición do sol, ciclos da lúa...) ao longo dun día, dos meses e das estacións do ano.
- Búsqueda de explicacións sobre causas e consecuencias de fenómenos naturais (choiva, vento, erosión, ciclo vital...) e dos producidos pola acción humana (pontes, encoros...)
- Valoración e goce das actividades en contacto coa natureza como fonte de saúde e benestar apreciando o medio e os seus elementos.

### **Bloque 3. Cultura e vida en sociedade.**

- Identificación de familia e escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando as relacións afectivas, asumindo pequenas responsabilidades e recoñecendo con respecto os diferentes tipos de familias.
- Achegamento ás funcións de diversas persoas para cubrir necesidades e achegar servizos na súa comunidade evitando estereotipos sexistas.
- Axuste progresivo da súa conduta ás pautas adecuadas de comportamento de forma cada vez máis autónoma para resolver conflitos e saber compartir.
- Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios producidos co paso do tempo.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Explorar os obxectos e materiais do contorno manipulandoos segundo distintos tipos de relacións (agrupar, clasificar, ordenar...)
- Recoñecer atributos e calidades dos obxectos.
- Empregar os números como un xeito de coñecer e organizar a realidade aproximándose ao seu valor rotacional e conceptual.
- Resolver problemas sinxelos de situacións cotiás.
- Empregar e comparar magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.
- Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos (liñas, puntos, figuras, corpos).
- Usar e comprender nocións espazo-temporais básicas necesarias tanto para orientación do alumno/a respecto a obxectos e aos demais como para ordenar temporalmente feitos da súa vida (arriba/abaixo, dentro/fora, preto/lonxe, antes/despois, día/noite, mañá/tarde, onte/hoxe/mañá, día/semana/mes, estacións do ano...).
- Interesarse polo medio natural e os seus cambios.
- Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes establecendo relacións sinxelas de interdependencia.
- Amosar actitudes de coidado e respecto cara á natureza participando en actividades para conservala.

- Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida humana e doutros seres vivos.
- Identificar os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado.
- Coñecer algunhas características de organización destes grupos.
- Recoñecer algúns servizos comunitarios.
- Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade.
- Coñecer e cumprir determinadas normas segundo o grupo social onde convivimos.

Os criterios de avaliación pertencentes a segunda área do 2º ciclo de E.I “Coñecemento do contorno” marcados en cor laranxa terían que ser suprimidos da terceira avaliación xa que refírense á actuación do alumnado no contexto escolar e con respecto aos seus iguais.

### **ESPECIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTENIR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NESTA ÁREA**

- Realizar seriacións, clasificacións e ordenacións.
- Dominar os conceptos básicos traballados.
- Coñecer as cores e as tonalidades traballadas.
- Recoñecer as formas planas círculo, cadrado, triángulo, rectángulo.
- Utilizar os 9 primeiros números, e realizar as súas grafías.
- Resolver situacións problemáticas que implican sinxelas operacións de suma e resta.
- Coñecer e respectar as normas elementais de convivencia.
- Relacionarse e participar en actividades de grupo.
- Amosar interese por coñecer, observar e explorar as características do contorno.
- Respectar habitualmente as regras dos xogos.
- Valorar e respectar o medio ambiente.
- Coñecer a utilidade dalgúns servizos relacionados co consumo (as tendas).
- Coñecer algunhas profesións, valoralas e as respectalas.

- Coñecer os elementos de vida: auga, sol, terra e aire, e a súa utilidade.
- Coñecer os días da semana, as estacións do ano e nomear algunha das súas características.

Os mínimos esixibles de cor laranxa correspondentes a segunda área serán suprimidos da terceira avaliación, por non poder empregar o instrumento de avaliación mediante técnica de observación directa do traballo diario na aula e do seu comportamento.

### **5.3. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

A comunicación nas súas diversas manifestacións implica a capacidade de producir, recibir e interpretar mensaxes.

As linguaxes considéranse fundamentais para potenciar o desenvolvemento do pensamento e as capacidades comunicativas, expresivas e creativas.

#### **OBXECTIVOS**

1. Utiliza-la lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos, e valora-la lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
2. Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.
3. Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos, con diferentes interlocutores/as e en diversidade de contextos.
4. Comprende-las intencións e mensaxes doutros nenos, nenas e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propias coma estranxeiras.
5. Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios amosando actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.
6. Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
7. Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumentos de comunicación, información e gozo.

8. Iniciarase no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e amosar interese e gozo ó participar nestes intercambios comunicativos.
9. Valorar a biblioteca como fonte de información e facer uso da mesma.
10. Achegarse ó coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas.
11. Desenvolver a autoconfianza nas producións artísticas persoais, respectando e valorando as dos demais.
12. Achegarse ó coñecemento, emprego e valoración das TIC, como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

## **CONTIDOS**

### **Bloque 1. Linguaxe verbal**

#### ***Escoitar, falar e conversar***

- Valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos e para expresar e comunicar ideas e sentimentos e como axuda para regula-la propia conduta e a dos demais.
- Produción de mensaxes orais referidas a necesidades, emocións, desexos, intencións, propostas e opinións.
- Comprensión das intencións comunicativas dos outros nas diferentes situacións de intercambio oral.
- Uso progresivo, acorde á idade, de léxico variado e con crecente precisión.
- Pronuncia axeitada dos sons da lingua.
- Construción e utilización oral de distintos tipos de frases para o que botarán man das variedades morfolóxicas de xénero, número, persoa, tempo...
- Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación, nos diálogos colectivos, libres ou dirixidos, respectando as normas que rexen os intercambios lingüísticos.

- Utilización axeitada das normas socialmente establecidas para solicitar, despedirse e saudar.
- Relatos de feitos, situacións, vivencias e contos ben ordenados temporalmente.
- Utilización de sinais extralingüísticos (entoación, xesticulación...) para reforza-lo significado das mensaxes transmitidas.
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fale de temas coñecidos e predicibles, amosando unha actitude positiva cara esta lingua.

### ***Aproximación á lingua escrita***

- Descubrimento da linguaxe escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- Produción e interpretación de códigos de simbolización gráfica.
- Diferenciación entre formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Comprensión e produción de imaxes de forma secuenciada.
- Iniciación ó coñecemento do código escrito a través de palabras e frases significativas.
- Utilización de esquemas gráficos para a transmisión de mensaxes sinxelas.
- Destreza na utilización das habilidades grafomotrices.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Percepción de semellanzas e diferenzas sinxelas en palabras escritas atendendo a propiedades cuantitativas e cualitativas.
- Identificación dalgunhas palabras escritas moi significativas para o neno e para a nena.
- Iniciación no uso da escrita para cumprir finalidades reais.

### ***Achegamento á literatura***

- Escoita e comprensión dalgúns textos, tanto tradicionais como contemporáneos, lidos por lectores competentes, nas dúas linguas oficiais, como fonte de pracer e de aprendizaxe compartida.

- Memorización e recitado dalgúns textos poéticos gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
- Participación en xogos lingüísticos acompañados de respostas corporais.
- Dramatización de textos literarios, promocionando o goce e o interese por expresarse con axuda de recursos non lingüísticos.
- Interese por compartir as interpretacións, sensacións e emocións que provocas as producións literarias.
- Utilización da biblioteca da aula con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e de gozo.

## **Bloque 2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal**

- Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno, realizando actividades de tocar, ulir, oír e ver.
- Exploración dos materiais, dos útiles, e das técnicas da expresión plástica, como medio de expresión e comunicación de emocións, sensacións,...
- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor, espazo...
- Expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías..., a través do debuxo e doutras producións plásticas.
- Representación da figura humana no seu conxunto; diferenciarán as distintas partes e os segmentos corporais.
- Control do xesto gráfico e do instrumento nas elaboracións plásticas.
- Descubrimento das posibilidades plásticas que nos ofrece a luz, as sombras, as cores, utilizando distintos recursos.
- Identificación das cores primarias e das secundarias a partir das primarias.
- Identificación do contraste claro-escuro nas cores.
- Uso da colaxe como medio de experimentación con diversos materiais, con diversas formas e cores.
- Realización de formas sinxelas a través do modelado.
- Atribución ou identificación do tema dalgunha obra plástica.
- Interpretación e valoración de distintas obras plásticas presentes na aula, no contorno, en museos,...



- Realización de bosquejos, e planificación para a elaboración dalgunha obra plástica.
- Participación activa e mostrando interese nas actividades musicais propostas: cancións, dramatizacións, xogos musicais, bailes e danzas sinxelas.
- Identificación e diferenciación entre ruído, silencio e música.
- Recoñecemento dos sons do contorno natural e social.
- Descubrimento e exploración das propiedades sonoras do corpo, voz, obxectos cotiás e de refugallo e dalgúns instrumentos musicais.
- Reprodución e improvisación de diferentes ritmos, empregando as percusións corporais e os instrumentos de percusión de altura indeterminada.
- Aprendizaxe e interpretación de ladaíñas, cancións de xestos e cancións sinxelas.
- Audición atenta de obras de diferentes estilos musicais: popular, clásica, infantil...
- Coordinación das accións musicais e corporais coas dos demais compañeiros e compañeiras.

### **Bloque 3. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación**

- Iniciación no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos como fonte de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.
- Achegamento a diferentes producións audiovisuais: películas, debuxos animados, videoxogos...
- Valoración crítica do contido dalgunhas producións audiovisuais.
- Discriminación progresiva entre a realidade e a representación audiovisual.
- Uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Reforzo de diferentes contidos traballados na clase mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.

- Achegamento ó uso do ordenador, a cámara fotográfica,... nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais, a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Utilizar a lingua oral duna forma axeitada para unha comunicación positiva cos iguais e con persoas adultas, seguido as intencións comunicativas.
- Comprende-los textos de tradición cultural: contos, refráns, trabalinguas, series...
- Amosar interese polos textos de literatura infantil: contos clásicos, poemas, adiviñas..., lidos na clase.
- Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu medio.
- Comprender algúns sinais de identidade doutras culturas.
- Ler, interpretar e producir imaxes.
- Expresar desexos, sentimentos, emocións, necesidades..., mediante diferentes formas de expresión e de representación.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios e técnicas propios da linguaxe audiovisual e das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Utilizar algunhas das normas que rexen os intercambios lingüísticos.
- Adecua-la linguaxe verbal ás diferentes situacións de comunicación.
- Amosar interese por textos escritos.
- Participar nas situacións de lectura e de escritura que se producen na aula.
- Comprender a idea global de textos moi sinxelos en lingua estranxeira.
- Participar en interaccións orais en lingua estranxeira.
- Percibir semellanzas e diferenzas sinxelas en palabras escritas.
- Utilizar axeitadamente o vocabulario.
- Participar nos diálogos que se establezan na clase.
- Relatar feitos, secuencias, vivencias e contos ben ordenados temporalmente.
- Memorizar algúns textos: poesías, adiviñas...
- Comprende-las mensaxes que lle comunican os seus compañeiros, as súas compañeiras e os adultos.

- Interesarse pola linguaxe escrita.
- Apreciar e respecta-las producións plásticas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- Coñece-las diversas técnicas e os diversos materiais da expresión plástica.
- Controla-lo xesto gráfico e o instrumento nas elaboracións plásticas.
- Utilizar axeitadamente algúns instrumentos tecnolóxicos.
- Participar activamente e con interese nas actividades musicais e de movemento propostas.
- Discriminar o son do silencio, os sons do contorno, e auditiva e visualmente os instrumentos musicais traballados.
- Coñece-las posibilidades musicais e expresivas do seu corpo.
- Reproducir e improvisar ritmos sinxelos con diferentes elementos de expresión (percusións corporais, voz, instrumentos musicais e obxectos de diversa índole).
- Aprender e interpretar ladaíñas e cancións.
- Desprazarse polo espazo de diferentes formas, adecuando o seu movemento ó dos outros.
- Controla-la respiración durante a relaxación.

Os criterios de avaliación pertencentes a terceira área do 2º ciclo de E.I “Linguaxe: comunicación e representación” marcados en cor laranxa terían que ser suprimidos da terceira avaliación xa que refírense á actuación do alumnado no contexto escolar e con respecto aos seus iguais.

### **ESPECIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTENIR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NESTA ÁREA**

- Comprender mensaxes orais e responder a eles.
- Ler e interpretar imaxes ou pictogramas.
- Pronunciar correctamente e estruturar ben as frases.
- Discriminar auditiva e visualmente os fonemas vocais e consoantes dados e iniciarse na realización das súas grafías. Este mínimo esixible será suprimido da terceira avaliación e servirá como plan de reforzo de cara ao vindeiro curso. No primeiro trimestre partirán do aprendido único

e exclusivamente ata que se decretou o estado de alarma, tendo en consideración o punto de partida do alumnado.

- Recoñecer e escribir o seu nome.
- Ordenar imaxes seguindo a secuencia temporal.
- Percibir semellanzas e diferenzas en imaxes e palabras.
- Coñecer os medios audiovisuais e tecnolóxicos.
- Utilizar materiais e instrumentos para a expresión plástica.
- Observar e amosar interese por obras de arte.
- escoitar e explorar as posibilidades sonoras do propio corpo e dos instrumentos musicais.
- Aprender as cancións e ladaíñas do ano.
- Participar nas actividades musicais propostas.

## 6. LINGUA INGLESA

### 6.1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da **competencia en comunicación lingüística** de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral dado que as habilidades de escoitar, falar e conversar, adquiren unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse.

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e a representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender**

posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a expresión..

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da **competencia social e cidadá**. As linguas sérvenlles aos/ás falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en boa medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa competencia en **tratamento da información e competencia dixital**. A utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, polo tanto, contribúe a adquirir a **competencia artística e cultural** xa que propicia unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística, como na literatura infantil.

O coñecemento dunha lingua estranxeira tamén contribúe á adquisición da **competencia en autonomía e iniciativa persoal**, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, e o manexo de recursos e habilidades persoais dentro da área “O coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal”, e isto supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións no traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente, e a pesar de que a **competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico e a competencia matemática** non se mencionan especificamente nos obxectivos para Lingua Estranxeira, por mor da natureza dos materiais, pódense atopar moitas oportunidades de empezar a desenvolver tamén estas competencias.

## **6.2. OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **OBXECTIVOS**

En relación co ciclo, os obxectivos xerais da Etapa de Infantil serán:

1. Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
2. Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.
3. Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia coma estranxeira.
4. Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios mostrando actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.
5. Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, información e gozo.
6. Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante ou emprego de diversas técnicas.
7. Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.

### **CONTIDOS**

Os contidos agrúpanse en bloques que ordenan os elementos de análises dunha realidade complexa, en relación a catro centros de atención con características e necesidades específicas no que fai ao proceso de ensino e aprendizaxe: a linguaxe oral; a linguaxe escrita; os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións; e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

## **Bloque 1- escoitar e falar**

O modelo lingüístico achegado pola escola é a primeira fonte de coñecemento e aprendizaxe do idioma. Os discursos utilizados na aula son ao mesmo tempo vehículo e obxecto de aprendizaxe, polo que o Currículo e o noso proxecto atenderon tanto ao coñecemento dos elementos lingüísticos como á capacidade de utilizalos para outras tarefas comunicativas.

Por outra parte, o modelo lingüístico achegado debe provir dun certo número de falantes para recoller a variación e matices que un modelo lingüístico ambiental lles ofrece aos falantes tanto no aspecto fonético e prosódico coma na elección de expresións concretas en situacións coñecidas de comunicación. De aí a presenza no Currículo no noso proxecto do uso dos medios audiovisuais convencionais e das tecnoloxías da información e comunicación.

## **Bloque 2- Ler e escribir**

Preténdese con iso a competencia discursiva no uso escrito. En lingua estranxeira os textos escritos son tamén modelo de composición textual e de práctica e adquisición de elementos lingüísticos. O uso progresivo da linguaxe escrita dependerá do grao de coñecemento do código, que está en relación directa co grao de seguridade que o devandito código ofrezca na representación gráfica dos sons da lingua. Para superar esta falta de seguridade, o Currículo e o noso proxecto inclúen estratexias e recursos como o uso de dicionarios e outros medios de consulta convencionais ou dixitais para a comprensión e composición de todo tipo de textos.

## **Bloque 3- Reflexión sobre a lingua e consciencia intercultural**

O contacto coa lingua estranxeira e co seu uso, permiten elaborar a quen está a aprender, un sistema conceptual elemental sobre o seu funcionamento. O punto de partida serán as situacións de uso que fomenten a inferencia de regras de funcionamento da lingua para que os/as alumnos/as adquiran confianza nas súas propias capacidades.

Este bloque divídese en coñecementos lingüísticos e reflexión sobre a aprendizaxe.

Este bloque contribúe a que o alumnado coñeza costumes, formas de relación social, trazos e particularidades dos países nos que se fala a lingua estranxeira, en definitiva, formas de vida diferentes ás propias. Este coñecemento promoverá a tolerancia e aceptación, acrecentará o interese polo coñecemento das diferentes realidades sociais e culturais e facilitará a comunicación intercultural.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse, para achegarse a nenos e nenas doutras culturas que teñen formas de vida diferentes da propia e para descubrir algúns aspectos culturais semellantes e diferentes á identidade galega (simboloxía, música, festas e xogos tradicionais, ..
- Amosar comprensión mediante respostas non verbais (xestos, movemento, actividades artísticas, ...) a instrucións básicas dadas en situacións habituais na aula e no centro.
- Captar a información máis relevante e identificar información específica en mensaxes diversas, que inclúan textos orais, sobre temas familiares e de interese para os nenos e as nenas.
- Participar comprensivamente en situacións de comunicación (da vida da aula ou simuladas), respectando as normas básicas do intercambio e empregando formas lingüísticas e non lingüísticas.
- Memorizar e producir textos orais coñecidos previamente e de interese para os nenos e as nenas mediante a participación activa en representacións, cancións, recitados, dramatizacións, interaccións dirixidas, ...
- Comprender o significado global e algunhas informacións específicas de textos sinxelos sobre temas diversos, motivadores e adaptados á competencia lingüística de nenos e nenas en soporte papel e dixital.



- Producir mensaxes significativas nas que aparezan enunciados e textos curtos a partir de modelos cunha finalidade determinada e cun formato preestablecido, tanto en soporte papel como dixital.
- Usar formas e estruturas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos e motivadores de forma significativa.
- Coñecer e empregar funcionalmente algunhas estratexias para aprender a aprender e identificar algunhas características persoais que lle axudan a aprender mellor.
- Amosar curiosidade e interese por buscar información a través de diferentes medios sobre a cultura que están a estudar .
- Respetar as diferenzas de todo tipo adoptando unha actitude positiva ante culturas e opinións alleas.
- Amosar confianza e interese por transmitir algúns aspectos da nosa cultura a outros nenos e outras nenas, empregando o idioma estranxeiro a través de formatos e linguaxes diversas valorando positivamente o que podemos ofrecer.
- Familiarizarse con estratexias que favorezan a creatividade para producir mensaxes próximas, a partir dun contexto concreto utilizando as tecnoloxías da comunicación e a información, a educación artística,...

### **ESPECIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NESTA ÁREA**

Sensibilización cara a outras linguas, distintas ás da súa comunidade, e cara outras culturas co fin de desenvolver actitudes de respecto e tolerancia.

Comprensión doutras formas de pensar e actuar, e adquisición dunha visión máis ampla e rica da realidade.

O grado de curiosidade que amosan os nenos e nenas destas idades facilitará o achegamento a outras linguas, sempre cando se realice nun contexto pedagóxico axeitado no que se entre en contacto coa lingua estranxeira en situacións de comunicación lúdicas e próximas á súa realidade: saúdos, xogos, presentacións, cancións e instrucións sinxelas.

## **7. RELIXIÓN CATÓLICA**

### **7.1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

#### **Competencia en comunicación lingüística:**

- escoitar e comprender contos, relatos e producións literarias.
- Memorizar e recitar pequenas poesías e cancións. .
- Expresar oralmente sentimentos e emocións propias.

#### **Competencia social e cidadá:**

- Contribuír ó amor cara os demais.
- Aprender a comunicarse cos demais e comprender o que nos transmiten.
- Dialogar para mellorar a comprensión da realidade e resolver conflitos.

#### **Competencia cultural e artística:**

- Crear as súas propias producións artísticas plásticas.
- Participar activamente na audición e interpretación de cancións e obras musicais.
- Coñecer rasgos culturais propios do Nadal.

#### **Competencia para aprender a aprender:**

- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Esforzarse aceptando os erros e aprendendo deles.

#### **Competencia en autonomía e iniciativa persoal:**

- Regular o seu comportamento controlando a impulsividade.
- Comprender as consecuencias das súas accións, establecendo relacións causa-efecto e aprendendo dos erros.
- Desenrolar actitudes que favorezan o agradecemento e o amor.

## **Competencia no coñecemento e interacción co medio físico:**

- Amosar actitudes de respecto e coidado cara o entorno físico, un mesmo e os demais.
- Comprender a relación entre o medio natural e os produtos que nos ofrecen para as celebracións cristiás.
- Mostrar curiosidade pola importancia da auga para a vida de todos.

## **7.2. OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **OBXECTIVOS**

1. Descubrir e coñecer o propio corpo, regalo de Deus, promovendo a confianza e o desenvolvemento das súas posibilidades persoais.
2. Observar as manifestacións do medio familiar, social e natural que expresan a vivencia da fe católica para sentirse membro da comunidade relixiosa á que pertence
3. Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que lle permitan ao neno desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, confianza, alegría e admiración.
4. Expresar e celebrar as tradicións, festas e aniversarios máis importantes, exercitando as primeiras habilidades motrices, para relacionarse cos demais e para acceder á oración, os cantos de gabanza e o sentido das festas relixiosas.
5. Descubrir que os cristiáns lle chaman Pai a Deus Creador de todas as cousas, e saben que está con todos nós, que nos quere e perdoo sempre.
6. Saber que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e nos quere, morreu por nós e resucitou para estar con nós.
7. Descubrir que a Virxe María é a Nai de Xesús e tamén Nai de todos os cristiáns, que forman unha gran familia.
8. Respetar as persoas e cousas do seu medio, coidalas e preocuparse delas, como Xesús fixo e nos ensina a facer.

## **CONTIDOS:**

- O corpo humano obra de Deus Creador coa colaboración dos pais. A diferenciación sexual (neno-nena) como don recibido de Deus.
- Valoración da saúde como regalo de Deus. Medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde: a proximidade das persoas que nos atenden e queren, alimentos, vestido e limpeza.
- A creación, obra de Deus e regalo para os seus fillos. Deus pide colaboración e respecto no coidado e uso da Natureza e das cousas. Gratidade e admiración pola creación.
- Deus é o noso Pai, cóídanos e invítanos a servir os demais.
- Algunhas palabras significativas para os cristiáns: Deus Pai, Xesús, o Fillo de Deus e o noso amigo, a Virxe María nai de Xesús e nai nosa, a Igrexa.
- O amor de Xesús Cristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
- Xesús coida das persoas e preocúpase por elas. Algunhas pasaxes do evanxeo: a ovella perdida, as vodas de Caná, Xesús e os nenos.
- A manifestación do amor cristián en acenos concretos: saudar, axudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados, e axudarlles aos compañeiros.
- A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. Somos os fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha familia.
- O comportamento cos amigos, cos compañeiros da escola e coas persoas do medio.
- Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Os criterios de avaliación na educación infantil pretenden ser indicadores na avaliación continua e observación dos nenos para poder reconducir a súa propia aprendizaxe. Coñecer o neno e axudalo no seu crecemento é o criterio esencial. Calquera avaliación que se pretenda nesta etapa deberá realizarse

globalmente coas mutuas observacións e informacións dos restantes ámbitos de experiencia.

- Aмосa alegría e ganas de participar nas actividades e festas.
- Identifica o templo ou igrexa como a casa onde se reúnen os amigos de Xesús.
- Recoñece a auga como signo fundamental do sacramento do bautismo.
- Recoñece a María como nai de Xesús e dos cristiáns.
- Recoñece a Xesús como amigo de todas as persoas, especialmente dos nenos e nenas.
- Valora a importancia de ter unha familia que nos quere, protexe e axuda.
- Exprésalle agradecemento a Xesús pola creación e por darnos a vida a través de cancións e oracións.

### **ESPECIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTENIR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NESTA ÁREA**

- Coñecer e respectar elementos e símbolos relixiosos do medio familiar, social e natural, sentíndose membro da comunidade á que pertence.
- Ter unha actitude de alegría, colaboración e respecto no ámbito familiar escolar como o fan os amigos de Xesús.
- Descubrir a Deus Pai como Creador de todo o que existe, recoñecendo na Creación o amor polas persoas.
- Coñecer e expresar diferentes momentos da vida de Xesús relacionándoos coa súa propia vida.
- Identificar a Virxe María como nai de Xesús e de todos os cristiáns.
- Respectar, coidar e preocuparse polas persoas e elementos do seu medio como Xesús fixo e nos ensinou.

Tanto os criterios de avaliación como os mínimos esixidos pertencentes á materia de Relixión Católica que están de cor laranxa serán suprimidos da programación por non poderse levar a cabo, sendo items a alcanzar e avaliar correspondentes ao terceiro trimestre.

## 8. ATENCIÓN EDUCATIVA

Dada a opcionalidade desta materia observamos que un alto número de alumnos opta pola materia de Atención Educativa.

Os temas traballados neste apartado preséntanse como un conxunto de contidos que interactúan en tódalas áreas do currículo escolar, aínda que no horario reservado a esta materia incídese dunha maneira máis intensiva nos seguintes valores:

- *Educación moral e cívica:* Preséntanse contextos nos que os alumnos e alumnas se ven obrigados a xulgar e xerarquizar valores. En todas as actividades colectivas maniféstase unha valoración positiva da participación, o intercambio de puntos de vista, o respecto ás opinións e regras, etc.
- *Educación para a paz:* O obxectivo é que o neno comprenda que a construción da paz é tarefa de todos, e o mellor xeito de superar moitos problemas é o diálogo. As diferenzas culturais entre os distintas persoas e pobos son un rico patrimonio que hai que coñecer para valorar a todas as persoas por igual.
- *Educación para a saúde:* Traballamos conceptos básicos de saúde e hixiene que deben traducirse en hábitos.
- *Educación sexual:* O obxectivo é coñecer os cambios corporais que aparecen co crecemento e que diferencian fisicamente os dous sexos.
- *Educación ambiental:* Intentando crear unha actitude favorable á protección e conservación do medio inmediato.
- *Educación viaria:* Establécense coñecementos sobre os elementos e signos viarios, e foméntanse outros de tipo condutual para a adquisición de hábitos. Ademais estudaranse pautas de actuación no uso de calquera dos medios de transporte, privados ou colectivos.
- *Educación do consumidor:* Inténtase fomentar o consumo responsable distinguindo o necesario do non necesario e tamén fomentar o uso do reciclado con recursos que teñen ao seu alcance.
- *Educación non sexista:* Preséntase á muller en situacións iguais ás do home nos diferentes contextos cotiás.

En definitiva, co ensino da Atención Educativa pretendemos que os/as nenos/as medre coñecendo os valores e normas socialmente positivas. Os recursos empregados son: contos, dvds, material de refugallo, PDI, ordenador e cds de música.

## **9. METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

### **9.1. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS XERAIS**

- Contemplan a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa ás características persoais, as necesidades, os intereses e os estilos cognitivos dos alumnos. Así mesmo, ter en conta o contexto sociocultural en que viven.
- Utilizar estratexias comunicativas, vocabulario e terminoloxía adaptados á tipoloxía de alumnado que temos na aula. Intentar que nun primeiro momento sexan eles os que busquen solucións para superar as súas dificultades.
- Potenciar a reflexión co obxectivo de que, unha vez resolto o conflito cognitivo, cheguen ás súas propias conclusións en función dos seus coñecementos e experiencias previos.
- Crear un clima relacional e de afectividade positivo. Establecer unha relación de confianza entre os alumnos/as e o educador, procurando en todo momento que se sintan tranquilos e confiados, que non teñan medo a participar ou a equivocarse e que se encontren a gusto á hora de comunicar as súas ideas. Traballar para que acepten as súas propias posibilidades e as súas limitacións, as entendan e as respecten. Potenciar, en definitiva, a súa autoestima e favorecer a súa integración social.
- Utilizar as situacións de interacción como un recurso máis para axudar a cada alumno que o necesite, tendo en conta as súas capacidades e as súas dificultades.
- Facilitar a participación de todos, en función das súas propias posibilidades.

- Explicar aos alumnos/as os seus acertos e os seus erros, fomentando os primeiros e desdramatizando os últimos.
- Equilibrar os aspectos de novidade co compoñente indispensable nestas idades de reiteración e de rutina.
- Ter en conta, á hora de planificar a distribución horaria do día, os seguintes aspectos: a alternancia entre períodos de descanso e períodos de actividade; entre as actividades que requiren atención e concentración e outras que non necesitan tanta; o tempo de dedicación aos alumnos que necesitan unha atención individualizada; o tempo que se dedicará ás actividades colectivas e ás individuais.
- Organizar o tempo de realización das actividades tendo en conta o ritmo do grupo-clase; respectar a alternancia de esforzo, concentración e movemento; aproveitar os feitos espontáneos que xurdiran ao longo da sesión ou da xornada.
- Organizar os espazos tendo en conta que favorezan a participación, os desprazamentos, a autonomía, o control, o traballo en grupo, o traballo individual e o traballo colectivo.
- Incorporar e utilizar na aula os materiais que o alumnado poida encontrar na súa vida diaria e que lles proporcionen diferentes niveis de resolución das actividades de aprendizaxe.
- Implicar aos alumnos/as, na medida do posible, no funcionamento e na organización da aula. Asignarlles progresivamente responsabilidades para que colaboren no mantemento da orde e participen na dinámica establecida conxuntamente. Intentar que se sintan ben na clase e que teñan ganas de aprender e de participar nas actividades. Establecer de forma clara e explícita estratexias que impliquen un compromiso mutuo, non só por parte do alumnado.
- Establecer canles de comunicación e colaboración coas familias. Intentar xerar un clima de confianza mutua. Facelos partícipes dalgúns aspectos da organización da aula e da realización de determinadas actividades de aprendizaxe.
- Planificar actividades para que o alumnado poida participar nalgúns aspectos da súa avaliación, como unha parte máis do proceso de aprendizaxe.



A metodoloxía a traballar parte do segundo e na súa totalidade do terceiro trimestre está encamiñada a crear un clima e vínculo afectivo co alumnado, contemplando a diversidade do mesmo e adaptando a nosa práctica educativa ás necesidades sanitarias que así o esixen. Utilizar estratexias comunicativas, vocabulario e terminoloxía adaptados á tipoloxía do alumnado, establecendo canles de comunicación e colaboración coas familias a través de ToKapp, GoogleDrive, correo gmail, googlefotos. Implicando aos alumnos, na medida do posible, na participación activa das distintas dinámicas.

## 9.2. ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

- Motivar aos alumnos/as facéndoos copartícipes do proceso de aprendizaxe. Para isto, facilitar a participación de todos os alumnos na elección e realización das actividades, na toma de decisións na aula, etc.
- Coñecer e valorar os coñecementos previos dos alumnos respecto ás aprendizaxes propostas. Iniciar o proceso de aprendizaxe partindo do que xa saben. Darlles a entender que co seu esforzo e coa nosa axuda poderán superar as dificultades que encontren en cada caso.
- Propoñer situacións que fagan posible a aprendizaxe por descubrimento. Para isto, xerar escenarios onde os alumnos/as deban identificar a orixe de determinados problemas, facer un diagnóstico de cada un deles, propoñer solucións posibles, analizar as consecuencias e programar as accións necesarias para conseguir os obxectivos previstos.
- Realizar actividades que posibiliten a observación directa, a manipulación e experimentación co obxecto de aprendizaxe.
- Realizar, en xeral, actividades que:
  - Axuden a provocar conflitos cognitivos nos alumnos.
  - Xeren nos alumnos actitudes receptivas cara ao obxecto de aprendizaxe.
  - Permitan experimentar o aprendido.
  - Faciliten certo grao de autonomía.
  - Faciliten a adquisición de destrezas de aprendizaxe autónoma.

- Permitan que todos os alumnos do grupo-clase poidan realizalas independentemente da capacidade e os intereses de cada cal, sempre que o docente levara a cabo as adaptacións pertinentes.
- Propoñer actividades en que o protagonismo, os destinatarios e os obxectivos sexan diferentes:
  - Dirixidas polo educador, que levará a iniciativa na súa presentación e na metodoloxía con que se realicen. Este tipo de actividades empregarémolas principalmente á hora de introducir novos contidos.
  - Suxeridas polo educador, aínda que se permita escoller aos alumnos entre diferentes opcións, de acordo cos seus intereses ou necesidades.
  - De reforzo, destinadas aos alumnos/as que presentan algún tipo de dificultade, e que poderán ir resolvendo coa axuda dos alumnos máis capacitados ou coa intervención directa e individual do educador cando se requira.
  - De ampliación, dirixidas aos alumnos/as con capacidades que lles permitan adquirir un nivel superior de contidos respecto aos que temos programados como básicos na unidade didáctica.
  - Libres, onde deixaremos que os alumnos/as empreguen a súa iniciativa, a súa creatividade e a súa autonomía para levalas a cabo.
  - Utilizar o xogo como recurso motivador e instrumento educativo na práctica diaria:
    - Xogo simbólico para que o alumnado reproduza ou imaxine escenas ou situacións da vida real. A simulación da realidade permítelles ir coñecendo, aceptando ou provocando novas maneiras de relacionarse, de enfrontarse aos conflitos e de situarse no contexto social e relacional.
    - Xogos non competitivos en que se deberá ter en conta que:
      - O alumnado encontre pracer participando nos xogos, independentemente do resultado final obtido.
      - Eviten a discriminación ou menosprezo daqueles alumnos que non conseguiran os obxectivos marcados. Estes han ser indicadores para o educador de que habilidades han de mellorar individual ou grupalmente.

- Posibiliten a participación de todo o alumnado do grupo-clase.
  - O alumnado vexa os seus compañeiros como iguais e non como contrincantes aos que hai que superar.
  - A finalidade sexa conseguir a suma de achegas individuais para lograr un obxectivo conxunto.
- Os xogos, en síntese, poden servir como instrumento educativo e de observación das peculiaridades de cada alumno/a (estilos de aprendizaxe, dificultades, actitude ante os erros...).

Á hora de traballar con fichas, planificar as actividades de aprendizaxe tendo en conta tres momentos:

**Antes de empezar:** actividades previas para poñer en contacto ao alumnado co obxecto de aprendizaxe, motivalo e espertar o seu interese, activar os coñecementos e experiencias previos e, se é necesario, introducir aqueles aprendizaxes que lles permitan poder realizar a actividade.

**Durante a realización:** actividades do traballo individual ou colectivo para aplicar os coñecementos adquiridos, observar as posibles dificultades e resolvelas.

**Despois da realización:** actividades posteriores para consolidar as aprendizaxes adquiridas, reforzar aquelas en que tiveron máis dificultades ou ampliar as que xa adquiriran por ter unhas capacidades ou uns coñecementos previos que llelo permiten.

Intentar que o alumnado saiba ou sexa consciente do que aprendeu. Procurar que recorden as actividades que realizaron. É positivo, en determinados momentos, comparar os seus primeiros traballos cos últimos para que se dean conta dos cambios experimentados.

Traballar os textos tendo en conta os seguintes criterios:

- Elixilos atendendo tanto á idoneidade do seu contido como ao seu valor gráfico, procurando que sexan un elemento motivador e agradable en si mesmo.
- Converter os libros, revistas, cartas e demais soportes escritos nun elemento habitual na aula, permitindo que os alumnos os manipulen e interpreten libremente.
- Realizar actividades dirixidas de comprensión lectora, en que se apliquen procedementos do tipo: activar os coñecementos previos,

formular hipóteses ou predicións sobre o argumento, comprobar as hipóteses previas á lectura, extraer as ideas principais do texto lido, etc. Todo isto co fin de crear unha actitude receptiva cara á aprendizaxe da lectoescritura como instrumento de comunicación, información e goce.

As actividades de ensino-aprendizaxe que se están levando a cabo vense modificadas polas circunstancias excepcionais que estamos a vivir tendo principalmente a súa base de consolidación e reforzo no alumnado. Seguimos a traballar actividades referentes ás distintas áreas do currículo de E.I como lecto-escritura, lóxico-matemática, psicomotricidade, taller de lectura, arte, o traballo das emocións, da lingua estranxeira e de relixión católica.

### **9.3. TEMPORALIZACIÓN**

Temporalizáronse as actividades de ensino-aprendizaxe en proxectos. A súa duración será flexible, quedando así establecido segundo o éxito obtido nos nenos/as. Haberá proxectos que durarán unha quincena ou menos e outros que poderán prolongarse máis dun mes por irse ampliando con outros intereses xurdidos.

No tratamento destes temas partírase do que máis motive o alumnado independentemente de que sexa próximo o seu contorno ou non, pero sempre tendo como referente os obxectivos pautados na programación de aula.

Nestes proxectos traballáranse tamén actividades que responden a todos os aspectos temporais que suceden durante o mesmo: estacións, festividades e días especiais.

Na planificación das actividades realizadas ao longo da xornada buscarase o equilibrio entre a necesidade de respectar os ritmos fisiolóxicos individuais dos nenos do grupo (descanso, alimento, actividade...) e a conveniencia de manter rutinas diarias que lles poidan servir de marcos de referencia para interiorizar as primeiras secuencias temporais.

Por outro lado, manter unha rutina de actividades estables, aínda que o suficientemente flexibles para dar cabida ás necesidades e intereses individuais, permitiralles aos alumnos ser conscientes do traballo que deben

realizar en cada momento sen necesidade de alterar demasiado o ritmo da clase explicando as tarefas.

Para a temporalización das actividades diarias, teranse en conta os seguintes parámetros:

- Partir do momento evolutivo dos nenos do grupo, axustando as tarefas ás súas posibilidades de atención e traballo.
- Manter unha secuencia de ritmos e rutinas equilibrada.
- Cubrir as necesidades e intereses do grupo-clase.
- Contemplan os ritmos individuais dos alumnos.
- Adecuar as tarefas a realizar á distribución espacial e aos recursos materiais e persoais con que conta o Centro.
- Axustar a distribución de actividades ós criterios de organización xeral do Centro.

En consecuencia, as actividades de ensino-aprendizaxe seguirán unha secuencia de rutinas que lles axudará ós nenos a organizar o tempo que están na escola, contemplando, entre outras, a necesidade de reservar tempos específicos para as seguintes actividades:

- Tempo de traballo individual: realización das actividades acordadas axudados polo docente.
- Tempo de recantos: realización de actividades lúdicas e de pequenas investigacións, de acordo cos intereses individuais dos alumnos.
- Tempo de limpeza: actividades como recoller e ordenar os materiais utilizados, gardar os traballos non acabados, etc.
- Tempo de traballo en grupo: realización de actividades colectivas atendendo a distintos criterios de agrupamento.
- Tempo de actividades motrices: propostas relacionadas co desenvolvemento psicomotor.

A temporalización viuse afectada debido a imposibilidade de seguir o ritmo da aula. As actividades envíanse ás familias semanalmente, de xeito que cada familia poida distribuír as tarefas e escoller o momento máis adecuado ( en base a cada situación particular) para levalas a cabo.

## 10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Utilizaremos diferentes materiais e recursos, aproveitando, na medida do posible, os recursos dispoñibles do Centro. Deste xeito usaremos : libros de texto, libros da aula e da biblioteca, cadernos, cartolinas, xornais, revistas, recursos audiovisuais( IPAD, cds,, proxector, ordenadores), material escolar básico, etc.

O uso desta variedade de materiais e recursos permítenos deseñar unha variedade de actividades que enriquecen ó noso alumnado e desenvolven unha aprendizaxe motivadora e significativa, ó mesmo tempo que facilita a adquisición das diferentes competencias básicas.

## 11. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

<b>Avaliación e Cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<b><u>Procedementos:</u></b> A avaliación desta materia será continua, global, formativa e integradora. Avaliaranse tódolos elementos do proceso de ensino-aprendizaxe (obxectivos, contidos, metodoloxía,...) e tendo en conta os seus resultados, estableceranse as medidas correctoras necesarias para lograr os obxectivos propostos. Partiremos dunha avaliación inicial e iremos avaliando o progreso ó longo do curso en función dos resultados acadados na mesma e os obxectivos propostos.
	<b><u>Instrumentos:</u></b> Utilizaremos instrumentos de avaliación cualitativos (mediante técnicas de observación directa do traballo diario na aula, do seu comportamento e da participación do alumnado).
<b>Cualificación final</b>	<b><u>Indicar o procedemento para obter a cualificación final do curso:</u></b> A interpretación dos resultados da aprendizaxe farase en función dos criterios de avaliación establecidos e permitiranos valorar o progreso realizado polo alumnado no logro dos obxectivos propostos e en función dos obxectivos conxuntos establecidos para este ciclo de infantil.

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A Programación de Aula debe dar unha resposta axeitada ás necesidades educativas de todo o grupo-clase. Con este obxectivo, iranse realizando axustes no proceso de aprendizaxe, de modo que cada alumno poida conseguir os obxectivos propostos participando da dinámica xeral da aula.

Cabe destacar, o alto índice de alumnado que presenta necesidades educativas no ciclo de E.I e precisa apoio das especialistas en P.T e A.L

- En 4º de E.I temos un alumno TEA e alumnado pendete de valorar polo Departamento de Orientación.
- En 5º de E.I temos unha alumna TEA e un alumno pendente de entregar informe do Materno.
- En 6º de E.I temos unha alumna TEA, un alumno TEL e un alumno pendete de entregar informe do Materno, tamén hai un alumno con problemas do comportamento.

Queda alumnado sen recibir apoio da especialista en A.L e P.T debido a falta do persoal no Centro.

Agora ben, a atención á diversidade non só vai dirixida a aqueles alumnos que mostran dificultades destacables de aprendizaxe. Todos os alumnos presentan diferenzas, xa sexa en estilos de aprendizaxe, en niveis madurativos, etc.

As medidas adoptadas deben ser unha resposta a todos e cada uno dos alumnos e han de ser respectuosas coas súas características persoais.

- Propostas de actividades abertas.
- Actividades de integración e valoración grupal de cada neno.
- Actividades diversas para traballar un mesmo contido.
- Diferentes tipos de agrupamentos na resolución das actividades: gran grupo, pequeno grupo e individual.
- Actividades que teñan aplicación na vida cotiá.

- Propostas que favorezan a expresión directa, a reflexión, a expresión e a comunicación.
- Contidos de aprendizaxe tratados de forma globalizada.
- Propostas de avaliación inicial ante un novo proceso de ensino-aprendizaxe.
- Utilización de procedementos e instrumentos de avaliación variados e diversos (cuestionarios, entrevistas, observación sistemática, probas obxectivas...).

### **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

No C.E.I.P. Isidro Parga Pondal, os alumnos/as de Educación Infantil participarán nas seguintes festividades ou celebracións, así como nas conmemoracións que aparecen no calendario escolar seguindo a Orde do 20 de Xuño de 2019 :

**25 de novembro de 2019:** Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

**30 de xaneiro de 2020:** Día Escolar da non Violencia e da Paz.

**8 de marzo de 2020:** Día Internacional da Muller.

**Do 9 ao 13 de marzo de 2020:** Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.

**Entre o 20 e o 24 de abril de 2020:** Semana do Libro.

**Do 11 ao 15 de maio de 2020:** Semana das Letras Galegas

**5 de xuño de 2020:** Día Mundial do Medio Ambiente.

Ademais destas conmemoracións, participamos nas festas promovidas polas distintas dinamizacións como Magosto, Samáin, Nadal, Entroido...

Neste presente curso, temos previsto **facer as seguintes saídas:**

- Alumnos/as de 3 anos: Lagoa de Mera
- Alumnos/as de 4 anos: Museo Belas Artes

Acuario “Casa dos peixes”



Castelo Santa Cruz

- Alumnos/as de 5 anos: Casa do home (Domus)  
Fundación Luis Seoane  
Santa Cristina e a illa  
Marcelle
- Todos: Actividades propostas polo Concello de Oleiros (concertos, teatro, saídas a coñecer o contorno, etc) e todas aquelas que consideremos axeitadas para o ciclo.

Como en cursos anteriores, Os luns e os martes, en diferentes quendas, realizamos unha actividade programada polo Concello de hortas escolares.

#### **14. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

Para conseguir unha boa convivencia no centro traballárase no alumnado unha serie de valores e habilidades de comunicación. Así mesmo potenciaráanse as normas de convivencia favorecendo un bo clima de participación das familias.

É de suma importancia a actitude próxima e dialogante entre o educador e as familias neste ciclo, xa que a educación dos nenos é competencia de pais e de docentes. A colaboración debe ser o máis fluída posible, e debe producirse nun clima de confianza e de mutuo respecto.

O intercambio de información debe darse por ambas as dúas partes: por parte do docente á familia, para informalos das actividades que se realizan no centro, da actitude do neno, das súas relacións, dos problemas que xurdan, da evolución das súas aprendizaxes; por parte da familia ao centro sobre o desenvolvemento evolutivo e emocional do neno, da súa actitude na casa, se hai algunha necesidade especial que debe atenderse, etc.

Esta relación de mutua colaboración é fundamental para que as experiencias educativas da etapa de Educación Infantil teñan o apoio e a continuidade na experiencia familiar xa que facilitan os procesos de adaptación e aprendizaxe e sobre todo, en algúns casos, como apoio e reforzo dalgúns contidos escolares.

Os canles de colaboración faranse mediante:

**Reunión grupal informativa:** con todas as familias dos dous grupos do mesmo nivel ó principio do curso, que trataría de aspectos xerais, organización, orientacións pedagóxicas, normas escolares, horarios, saídas proxectadas, etc. Nestas xuntanzas, as familias coñecerán ó profesorado e o espazo cotiá onde se van a desenvolver as aprendizaxes.

**Entrevistas individuais:** son imprescindibles para obter información xeral sobre o neno/a, os datos básicos familiares e as expectativas que a familia ten sobre o seu fillo/a; así como para transmitir información por ambas as dúas partes sobre a avaliación ou problemas puntuais que poidan xurdir. Haberá establecido un día e unha hora para tales reunións os luns de 16h. ás 17h.

**Implicacións esporádicas:** solicitarase a colaboración das familias en distintos aspectos e situacións, dende normas sinxelas e básicas de organización (etiquetado e cintas elásticas nas prendas de abrigo máis usuais e mochilas, aportar materiais ó seu fillo cando se solicite...) ata colaborar en festas ou axudando no labor de organización dalgunha saída (ex. encargarse da compra e empacado da comida nas excursións que se realizan fóra do horario lectivo. Tamén, de maneira esporádica, e a criterio voluntario de cada titor/a, poderán ter intervencións puntuais na aula (contar un conto, ensinar unha canción ou xogo, festexar os aniversarios, etc). Como novidade este curso escolar, as familias participarán no festexo dos cumpreanos dos nenos/as levando a cabo diversas actividades en función do número de participantes.

**Boletín de información trimestral:** Entregarase ao final de cada trimestre; nel, a familia pode atopar información da evolución do proceso educativo do seu fillo. Debemos facer fincapé en que nunca deben comparar a marcha das aprendizaxes de cada neno coa dos outros, xa que cada un é diferente debido ás súas posibilidades, limitacións e ritmos madurativos, polo que tamén terán un ritmo de aprendizaxe diferente. Non esquecer que o máis importante é animar e estimular ó neno para a consecución de novos logros co seu esforzo e constancia.

Este curso, continuaremos as comunicacións escola-familia a través da aplicación Tokkapp, acordo do Claustro.

Ademais de todo isto, o ciclo de Educación Infantil coordinarase co resto do profesorado para o desenvolvemento das pautas do Plan de Convivencia do Centro.

## **15. CONCRECIÓN DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs**

Ao igual que acontece co Plan de Integración, o ciclo de Educación Infantil adaptarase as pautas xerais do Plan de Integración das TICs.

De maneira específica, neste ciclo fomentaremos o coñecemento e utilización das novas tecnoloxía por parte dos alumnos. As aulas contan con ordenador, proxector e un IPAD, medios que as mestras aproveitarán para traballar as novas tecnoloxías como contido asemade como recurso. Así mesmo, terán a posibilidade de acudir á aula de psicomotricidade onde poderán xogar e aprender cunha PDI ou acudir á aula de informática.

## **16. CONCRECIÓN DO PLAN DE PLURILINGÜISMO**

A lingua materna do noso alumnado é o castelán en todo o ciclo de Educación Infantil.

O obxectivo primordial dos nosos proxectos é que todos asuman as dúas linguas como propias. Trátase de que, ao finalizar a escolaridade, dominen con soltura e calidade ambas linguas, aínda que adoiten como máis usual aquela que por factores afectivo-emocionais, familiares, ambientais, etc., sexa máis significativa para eles.

De cara ao traballo diario cos rapaces/as, formulamos os seguintes obxectivos para este curso:

- Intentar co traballo diario da aula que os nosos alumnos/as valoren por igual as dúas linguas oficiais e comprendan os beneficios de coñecelas e utilízalas (e o mesmo coa lingua estranxeira) como medio de expresarse e compartir vivencias, ideas...cos outros/as.
- Procurar do xeito máis normal e natural que os rapaces/as se desinhiban no uso da súa segunda lingua e máis da lingua estranxeira.
- Traballar ao longo de todo o curso para que os nenos/as sexan capaces de diferenciar as dúas linguas evitando interferencias lingüísticas.

Para acadar estes obxectivos formularemos a conveniencia de realizar actividades do tipo das seguintes:

- Realizar a conversa posterior ao tempo diario da lectura na mesma lingua empregada no conto lido ese día.
- Utilizar algunhas das rutinas diarias, coma poñer a data e o tempo que vai cada día, para darlle naturalidade ao emprego das dúas linguas oficiais e da estranxeira.
- Utilizar o traballo da aula para fomentar o uso das tres linguas a través da búsqueda de información, da realización de distintas actividades ou da conversa e posta en común de ideas.
- Lectura e dramatización de contos.
- Comprensión e expresión oral no momento diario da asemblea.
- Memorización de poesías, cancións e retahílas.
- Colaboración da auxiliar de Conversa nas sesións da lingua estranxeira para os niveis de 5º e 6º de E.I
- Participación nas celebracións do centro promovidas desde o EDLG.

## **17.CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

Os mestres/as de Educación Infantil avaliarán os procesos de ensinanza e a súa práctica docente ca finalidade de melloralos e adecualos as características específicas e necesidades educativas dos alumnos. Dita avaliación terá lugar, polo menos, despois de cada trimestre e, con carácter global, ó final de curso.

En función dos resultados acadados polo alumnado en cada avaliación estableceranse as modificacións que se consideren necesarias en cada un dos elementos da propia programación. Valorarase especialmente os seguintes apartados para o logro das competencias básicas:

- Adecuación dos obxectivos e contidos propostos ó nivel e características do alumnado.
- Aplicación da metodoloxía axeitada.
- Actividades potenciadoras das aprendizaxe.
- Uso axeitado dos recursos dispoñibles